

Departamento de Urbanismo

Rúa Madrid, núm. 1
36960 Sanxenxo (Pontevedra)
Tlf. 986 72 00 75 - Fax 986 72 10 22
e-mail: urbanismo@sanxenxo.org

COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

| Interesado | | | | |
|---|----------------------|------------------------------|----------------------|-----------------------------------|
| | | Nome e apelidos/Razón social | | |
| Enderezo | | Núm | Escaleira | Andar Porta |
| CP | Municipio | Provincia | Teléfono / | |
| Correo electrónico | | | | |
| Representante (no caso de actuar en nome doutra persoa) | | | | |
| | | Nome e apelidos | | |
| Enderezo | | Núm | Escaleira | Andar Porta |
| CP | Municipio | Provincia | Teléfono / | |
| Correo electrónico | | | | |
| Datos do local e da actividade | | | | |
| Descrición da actividade: | <input type="text"/> | | | |
| Nome comercial: | <input type="text"/> | Nome anterior: | <input type="text"/> | Núm. expte.: <input type="text"/> |
| Enderezo (rúa, nº e localidade) | <input type="text"/> | | | |
| Referencia catastral: | <input type="text"/> | | | |

COMUNICA ao Concello de Sanxenxo que exercerá a titularidade da actividade indicada de conformidade co disposto no artigo 24 da lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aos efectos oportunos.

igualmente DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que a actividade a desenvolver é a xa comunicada no expediente de referencia.
- Que non foi interrompida por tempo superior a seis meses.
- Que non se realizaran reformas substanciais do local nin calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade, ou perigosidade do establecemento.
- Que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- Que contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais, unha copia desta comunicación.
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten preceptivas para tal finalidade.

AUTORIZA ao Concello de Sanxenxo aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade que se vai a desenvolver.

Sanxenxo,

Sinatura do/a interesado/a

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO

PROTECCIÓN DE DATOS. En cumprimento do establecido na Lei Orgánica de 13/12/1999, de Protección de Datos de Carácter Personal, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados no presente impreso, utilizaranse exclusivamente para o exercicio das competencias propias desta Administración e serán incorporados ós ficheiros que conforman a base de datos do Concello de Sanxenxo, ante o que poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ó Rexistro Xeral (Rúa Consistorio, 4-6. 36960 Sanxenxo).

ANEXO: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS INTERESADOS

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Se o solicitante é unha persoa xurídica: fotocopia da escritura de constitución da sociedade e do CIF
- Documentación acreditativa da representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable)
- Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, suscrito por empresa debidamente homologada.
- Declaración responsable sobre cumprimento do disposto no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (**no caso de que a actividade produza un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB e de que non se presente o informe indicado no punto anterior**).
- Fotocopia do contrato de arrendamento do local ou da escritura de propiedade do mesmo (táchese o que non proceda)
- Xustificante do pago das taxas municipais
- Outros (especificar no apartado de observacións)

Observacións

A presente comunicación correctamente cumplimentada producirá efectos desde a data da súa presentación no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo ou por calquera medio válido segundo o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 25 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e o artigo 12 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Único de Regulación Integrada de Actividades Económicas e Apertura de Establecementos, **a presentación dunha comunicación previa que cumpra cos requisitos establecidos pola normativa habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.** Non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración (estatal, autonómica ou local) lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

ADVÉRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e co disposto no artigo 17, 18 e 19 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, son causas de ineficacia das comunicacións previas:

- 1) o incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais a que estivese sometida a actividade ou o establecemento
- 2) a inexactitude, falsidade ou omisión, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore á comunicación previa
- 3) a presentación da comunicación previa ante unha Administración incompetente para recibirla ou cando a actividade ou establecemento estivese sometido a outro réxime de intervención administrativa
- 4) o non exercicio da actividade no prazo de seis meses contado desde que a comunicación previa habilite para o exercicio desta
- 5) A interrupción da actividade durante un ano, contado desde a data en que se produciu esta interrupción.

As referidas causas comportarán, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración da ineficacia da comunicación efectuada e impedirá o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. Así mesmo comportará a iniciación de oficio das correspondentes actuacións de restablecemento da legalidade, que poderán determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade ou á apertura do establecemento e a indemnización dos danos e perdas producidos a bens públicos. Igualmente, poderá determinar a inhabilitación da persoa interesada para presenta ante o Concello unha nova comunicación previa para a mesma actividade ou establecemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.